

PROGRAMA ERASMUS –PRÁCTICAS
CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE DE ESTUDANTES PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS
EN EUROPA
Curso 2010-2011

Obxecto

Esta convocatoria realízase no marco do Programa Erasmus, e ten por obxecto ofertar prazas destinadas á mobilidade de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para realizar prácticas en:

- empresas,
- centros de formación,
- centros de investigación,
- outras organizacións en Europa.

Non se consideran entidades de acollida elixibles os seguintes tipos de organizacións:

- Institucións oficiais da UE
- Organizacións encargadas de xestionar programas da UE
- A representación diplomática do país do estudante no país de acollida

Toda a documentación e información sobre o programa Erasmus, en particular a relativa ás prácticas de estudantes en empresas, pódese consultar no seguinte enderezo web:

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/presentacion.html>

Prazas elixibles

Existen dúas modalidades:

1. A/o estudante poderá propoñer unha empresa de fóra de España da súa elección para a realización das prácticas. Recoméndase que unha profesora ou profesor da titulación da/o solicitante actúe como titora ou titor desta/e. O número de prazas ofertadas é de 17. As bolsas adxudicaranse segundo a orde de solicitudes ata cubrir as prazas existentes.
2. A/o estudante poderá participar no listado de prácticas dispoñibles no consorcio no que participa a USC que coordina UNIVERSIA a través do portal web www.practicaerasmus.es. Estímase que o número de prazas para esta modalidade será entre 8 e 12.

Recoñecemento académico

As prácticas serán recoñecidas e incluíranse no expediente académico do estudantado segundo o disposto no Regulamento de Prácticas da USC.

As/os estudantes deben de matricularse no período de prácticas antes de comezalo, segundo o disposto no Regulamento de Prácticas da USC.

O período de prácticas no estranxeiro debe constituír unha parte integrante do programa académico da USC ou un complemento práctico ao plan de estudos.

No caso de que o período de prácticas non forme parte do plan de estudos do estudantado, a USC debe recoñecer este período como mínimo facendo constar a devandita información no Suplemento Europeo ao Título.

O recoñecemento unicamente poderá ser rexeitado se o estudante non alcanzase o nivel profesional requirido pola empresa de acollida.

Acordo de formación

O acordo de Formación individualizado para cada estudante debe ser elaborado pola USC e constitúe a principal garantía do programa de prácticas Erasmus. Ambos deben estar asinados polas tres partes implicadas: a/o estudante, a empresa ou institución de acollida e a USC.

No devandito acordo debe detallarse o programa de tarefas ou de traballo que se levará a cabo, os resultados da aprendizaxe en materia de coñecementos, as competencias e capacidades que deben adquirirse, as disposicións relativas á titoría e a correspondencia do período de prácticas realizado coa titulación que estea realizando a/o estudante.

As posibles modificacións do Acordo deben realizarse no prazo dun mes a partir da chegada da/o estudante ao seu destino requirindo o consentimento expreso das tres partes.

O Acordo de Formación e o Compromiso de Calidade pódense atopar no seguinte enlace:
<http://www.oapee.es/oapee/inicio/pap/erasmus/documentos.html>

Anexo V, V.1.

Requisitos dos estudantes

Poderán optar ás prazas ofertadas as/os estudantes que cumpran todas as condicións esixidas polo seu Centro para poder realizar prácticas en empresas, ademais dos seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no Programa Erasmus ou estar recoñecido polo país no que reside como refuxiado, apátrida ou residente permanente.
- b) Estar matriculado nun programa de estudos oficial da USC, incluídos os estudos de Posgrao e Doutoramento, tanto no momento de presentar a solicitude como durante todo o período de prácticas.
- c) Ter superado, como mínimo, o 50% dos créditos correspondentes á súa titulación.
- d) Non ter participado con anterioridade no Programa Leonardo da Vinci.
- e) Os estudantes deberán posuír un seguro adecuado a actividade a desenvolver.

Importe das axudas

A axuda cubre total ou parcialmente conceptos de manutención, aloxamento, seguro, e viaxe. O importe máximo será de 320 €/mes (ou fracción correspondente cando a estadía inclúa meses incompletos) sendo financiados con fondos do programa Erasmus. O pagamento da axuda realizarase segundo a seguinte calendario:

- O 80% do total da axuda efectuarase nos 45 días posteriores á sintura do Convenio de Subvención de Mobilidade mediante transferencia bancaria á conta da bolseira ou bolseiro. (sempre e cando o bolseiro fixera chegar todos os datos necesarios para isto).
- O 20% da axuda restante efectuarase unha vez que finalice a mobilidade e a/o estudante presente todos os xustificantes, certificados e informes que se lle solicitan.

Duración do período de prácticas

O período de prácticas no estranxeiro terá unha duración mínima de 3 meses. A partir de aí, estancias poden ser de 3,25 meses, 3,50 meses, 3,75 meses, etc., e máxima de 6 meses, (agás para as titulacións cuxos plans de estudos integren as prácticas cunha duración determinada) e

deberá realizarse nunha empresa elixible¹ de calquera país membro da UE, países da AELC/EEE (Islandia, Liechtenstein e Noruega) ou países asociados (Bulgaria, Romanía e Turquía).

Considerarase a data reflectida no Certificado de estancia do estudante.

As fraccións de mes que se produzan na mobilidade de estudantes calcularanse de acordo ao establecido na táboa seguinte:

| | Volta do estudante | Ida do estudante |
|-------------------|--------------------|------------------|
| días | mes | mes |
| 1 ao 8 | 0.25 | 1.00 |
| 9 ao 15 | 0.50 | 0.75 |
| 16 ao 23 | 0.75 | 0.50 |
| 24 ao 28/29/30/31 | 1.00 | 1.00 |

As estadias poderán iniciarse a partires do 10 de maio de 2011 e terán que estar rematadas EN TODO CASO antes do 30 de setembro de 2011.

Procedemento de solicitude para as dúas modalidades

- Documentación:

- Modelo de solicitude, dispoñible no enderezo web: <http://www.usc.es/internacional>
- Carta de aceptación da empresa de destino, indicando as datas previstas para a realización da actividade
- Acreditar adecuadamente o nivel lingüístico requirido pola empresa de destino

Prazo de solicitude e selección

O prazo máximo de presentación de solicitudes é o 30 de abril de 2011.

As bolsas adxudicaranse segundo a orde de recepción de solicitudes ata cubrir as prazas existentes no caso da modalidade 1.

No caso da modalidade 2, as bolsas adxudicaranse directamente polo Consorcio UNIVERSIA seguindo os criterios de selección e modalidades establecidos por este.

Na asignación de beneficiarios respectarase a selección realizada pola empresa ou institución de acollida, considerando a dispoñibilidade dos solicitantes.

Presentación da documentación:

Mediante envío da documentación ao enderezo electrónico: relext@usc.es (preferentemente)

Ou ao seguinte enderezo:

Servizo de Relacións Exteriores
Negociado de Admisión e Terceiro Ciclo
Edificio Intercentros s/n 27002 Lugo
Tlfn. 982823569 Fax: 34982285908

¹ Considerarase elixibles como empresas de acollida a todas aquelas entidades que cumpran a definición de empresa. Por "empresa" enténdese calquera entidade que desenvolva unha actividade económica no sector público ou privado, independentemente do seu tamaño, o seu estatus xurídico ou do sector económico no que exerza a súa actividade, incluída a economía social (base legal, Art.2, nº25). As Institucións de Educación Superior están induídas nesta definición.

Información

e-mail: relext@usc.es

Obrigas dos beneficiarios

- a) Cumprir cos compromisos adquiridos a través do Compromiso de Calidade en canto ao programa acordado durante a súa estadía na empresa de destino, respectar as normas vixentes na institución ou empresa de destino.
- b) A efectos de xustificación de gastos, cada estudante que se beneficie dunha destas axudas deberá presentar facturas e comprobantes orixinais dos gastos reais ocasionados (locomoción e outras).

Informe no que se describan as actividades realizadas e a relación coa súa formación académica, sendo esta unha condición indispensable para obter o recoñecemento das prácticas

Os resultados da selección así como documentos e listaxes serán publicados na páxina web da USC (<http://www.usc.es/internacional>).

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/11/ 992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela , 7 de marzo de 2011
O VICERREITOR DE ESTUDANTES E FORMACIÓN
CONTINUA

Por delegación do Reitor

(R.R do 9 de xullo de 2010; DOG 6-08-10)



Francisco R. Durán Villa